

## MESA SECTORIAL DO 3 DE XUÑO DE 2026

### Información de medidas a adoptar no Servizo de Urgencias Hospitalarias do CHUOU.

Comunican que na próxima lei de medidas se vai declarar ao Servizo de urxencias de Ourense como centro de difícil cobertura, a efectos que poidan acceder por concurso de méritos.

Indican que se informará na comisión de seguimento de carreira, de darlle unha puntuación adicional na área IV por prestar servizos no servizo de urxencias do CHUO.

**CIG-Saúde** denunciámos que son medidas a longo prazo posto que serán efectivas no 2027-2028.

Hai que buscar outro tipo de medidas. As medidas deben ser para este ano, e que pasen a difícil cobertura.

**CIG-Saúde** solicitamos que o incentivo sexa para as persoas que no período concreto no que hai indispoñibilidade estean prestando servizos nese centro considerado de difícil cobertura. Solicitamos que se defina ese período que deba comprender todos os anos nos que hai unha dificultade manifesta de cobertura.

Solicitamos que se faga unha oferta temporal con todas as vacantes para a cobertura do servizo, e non que se pretenda cubrir de unha en unha.

Denunciámos tamén o trato que dá ás profesionais a xerencia de Ourense. Dixemos que coas coaccións non se reteñen profesionais. Que con medidas a longo prazo podemos atoparnos cun servizo totalmente desmontado.

**CIG-Saúde** deixamos claro que a solución non está en poñer cartos enriba da mesma. A solución está en cubrir as prazas todas xuntas.

